



PLAN DIXITAL

CEIP Altamar

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Atopámonos nun centro cun entorno plenamente urbán, na rúa Cesáreo González n.º 4, en Vigo, que agrupa educación infantil e primaria. O número de alumnos e alumnas ronda os 180 e o Claustro confórmano dazaséis docentes. Pode obterse toda a información de interese na páxina web ou a través do correo do centro que é ceip.altamar@edu.xunta.gal

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *Características socioeconómicas e culturais: atópase nun entorno urbán de moito crecemento cunha densidade alta de poboación, con familias que traballan en tódolos sectores. O nivel socioeconómico e cultural é, por así dicilo, medio.*
- *Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo: O centro ven desenvolvendo a súa competencia dixital dende hai uns anos atrás, coa posta en marcha da aula virtual, renovación da web do centro, promoción da participación do profesorado en plans de formación. Tamén se levou periódicamente una renovación e revisión de equipos, contando cun técnico asesor. Concretamente para o vindeiro curso revisaranse tódolos equipos da aula de informática. En xeral o equipamento de pizarras dixitais, PCs e equipos de son e bo. Por todo isto é un centro que cada ano que pasa introduce máis as tecnoloxías nas metodoloxías educativas e na vida curricular do alumnado.*
- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23: a través dos obxectivos deseñados e accións encamiñadas á mellora da competencia dixital, así como os test SELFIE e o INFORME DAFO, promoverase o uso continuado da aula de informática e implicando a todo o Claustro e alumnado, coa finalidade de mellorar e desenvolver a competencia dixital.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

En canto a elaboración deste plan así coma o discurrir do proceso co grupo de traballo, tómanse como referencia os seguintes textos legislativos:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O equipo de dinamización do plan dixital implicou o traballo da metade de membros do Claustro, que asistiu a tódalas sesións de traballo certificando tódalas horas previstas. O reparto de tarefas foi eficiente e foi tamén clave a choiva de ideas, xa que houbo moitos momentos de traballo conxunto ‘in situ’. Tamén tódolos membros participaron activamente na análise dos informes. A comunicación e trasvases de información por vías electrónicas funcionou satisfactoriamente e creouse un compromiso de continuidade para o próximo curso.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Infraestrutura dixital do centro: contamos con conectividade por cable e tamén por wifi en tódalas plantas, se ben o suministro de internet é compartido cun edificio publico anexo. En xeral a conectividade é boa, contamos con equipos suficientes pero que necesitan bastante mantemento. Existe un rexistro de tódalas direccións IP establecidas para cada aula, así coma conectividade total coa impresora do centro.*
- *Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías: as aulas contan con pizarra dixital (táctil na maioría dos casos), canón, equipo de son e un PC para o mestre ou mestra; contamos cun PC na biblioteca para o rexistro de préstamo a través do software ‘Meiga’. Na sala de profesorado temos un PC con unha conta de usuario para cada membro do claustro, coa posibilidade de anexar algún equipo portátil; a aula de informática conta con 22 equipos de sobremesa que serán revisados ao remate deste curso actual.*
- *Servizos dixitais para a xestión da comunicación entre toda a comunidade educativo contamos coa páxina web como fonte de información constante e actualizada, o EspazoAbalar para*

notificacións e a Aula Virtual para a interacción con alumnado e para conformar a colección de material dixital educativo.

- Xestión do mantemento do equipamento do centro: está a cargo dun técnico externo e do coordinador TIC.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Táboa resumo das áreas do informe SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado	3.5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.4				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	3.2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.4				
	Profesorado	4.				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado	2.9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	2.4				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	3.4				

Datos extraídos do Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>11</u>	<u>11</u>	<u>100</u>
PROVISIONAL	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100</u>
INTERINO	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100</u>
SUBSTITUTO	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>2</u>	<u>0</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>65,5</u>	<u>B1</u>	<u>76,4</u>	<u>B1</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>37,3</u>	<u>A2</u>	<u>68,2</u>	<u>B1</u>
PRIM	<u>71,3</u>	<u>B1</u>	<u>77</u>	<u>B1</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>2</u>	<u>11,8</u>
A2	<u>9</u>	<u>52,9</u>
B1	<u>2</u>	<u>11,8</u>
B2	<u>3</u>	<u>17,6</u>
C1	<u>1</u>	<u>5,9</u>
C2		
TOTAL	<u>17</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

O centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das Liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Tódalas aulas dispoñen de ordenador para o profesorado, proxeutor e PDI. Conexión por cable de boa calidade. Aula de informática con 25 postos escolares e un para o profesorado. Asistencia de UAC Mantemento axeitado.	Fiabilidade da rede e equipos. Espazo limitado de almacenaxe de equipamentos. IP compartida. Inmediatez do persoal técnico. Ausencia de tablet para o alumnado con NEAE. Antigüidade de parte do equipamento que obriga a unha labor constante de mantemento. PDIs e baixa calidade e non axustadas aos proxeutores. Antigüidade dos sistemas operativos que non posibilita actualizacións. Software obsoleto. Incompatibilidade.
	PERSOAL DOCENTE	Capacitación dixital dalgúns membros do claustro. Posibilidade de formación continua. Alto uso de recursos dixitais. Adaptación ás necesidades.	Elaboración do plan por unha parte do claustro en vez do claustro completo. Pouco tempo de preparación. Disparidade na competencia dixital.
	PERSOAL NON DOCENTE	Presencia na vida do centro. Vontade e disposición. Tempo e dispoñibilidade.	Falta de espazos propios. Temporalidade do persoal.
	ALUMNADO	Dispositivos dixitais fora do centro. Alto desenvolvemento na competencia dixital. Coñecemento dos software sen axuda. Motivación e predisposición alta	Falta de práctica e constancia. O dixital é motivo de distracción. Non é guiada ou formativa.

	FAMILIAS	Apoio nos procesos educativos. Medios nos fogares. Contacto dixital co profesorado.	Falta de tempo. Descoñecemento dos software. Carenza de hábito. Baixo uso do AbalarMobil.
	OFERTA	Comunicación coas familias (ABALAR). Dispositivos dixitais. Páxina Web. Blogs de aula.	Limitación do espazo. Non temos redes sociais. Blog de nivel.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Boa comunicación entre o claustro por distintas canles. Colaboración. Dixitalización de contidos.	Falta de proxectos interdisciplinares. Falta de espazo.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO:

Establecer áreas prioritarias e determinar os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Indicar tamén brevemente:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.*
- Determinar as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.*
-

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas:

Contamos con boa conectividade a internet por cable e wifi e boa liña telefónica con varias centraliñas. No caso do noso centro as melloras pasan por manter, revisar e renovar periódicamente os equipos xa que a dotación actual é boa. Sería recomendable actualizar os sistemas operativos para facilitar a compatibilidade coa oferta dixital actual, feito que se impulsará xa ao rematar o presente curso (renovación de software e licenzas). Así mesmo, consideramos que a resposta da UAC na maioría dos casos é rápida e eficiente. Eslaborarase un documento coa relación de equipos suministrados pola administración e outros pertencentes ao centro.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora:		EQUIPA E ALUMNADO			
OBXECTIVO 1: (1)	Desenvolver hábitos de emprego por parte do alumnado_na Aula Virtual de maneira constante.			Acadado	
Responsable:	Xefatura de Estudos e titorías			acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de alumnos por aula que acceden á Aula Virtual				
Valor de partida: (3)	Menos de 30 alumnos				
Valor previsto e data: (4)	Entre 60-80 alumnos			21 de Xuño de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A01.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para deseñar tarefas conxuntas.	Xefatura de Estudos	23 decembro 2022	Convocatoria		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.2: Seguemento da participación do alumnado na Aula Virtual.	Titorías	3 abril 2023	Folla de cálculo en Libre Office		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.3: Análise de resultados	Grupo de traballo	21 xuño 2023	Reflexión coa referencia das gráficas cos resultados		Realizada
					Aprazada
					Pendente

REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS

Área/s de mellora: ORGANIZACIÓN E OFERTA						
OBXECTIVO 2: (1)	Crear un Grupo de Trabajo para a formación en centro.				Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos				acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Sesiões de traballo					
Valor de partida: (3)	Unha sesión de inicio					
Valor previsto e data: (4)	Unha Sesión mensual en horas de dispoñibilidade horaria			23 de decembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Promoción de participación e accións do profesorado.	Equipo directivo	1 Setembro de 2022	Actas de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Consitutción do Grupo de Traballo	Equipo directivo	1 Setembro de 2022	Actas de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Elaboración de proposta para a solicitude dun PFPP	Equipo de traballo	1 Setembro de 2022	Sesiões de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Petición ao CFR do PFPP	Dirección	1 Setembro de 2022	Solicitude por parte da dirección do centro do PFPP, información ao claustro e		Realizada	
					Aprazada	

procede ao consello escolar.

Pendente

Área/s de mellora: ORGANIZACIÓN E INFRAESTRUTURAS						
OBXECTIVO 3	Poñer en funcionamento da Aula de Informática.				Acadado	
Responsable:	Grupo de traballo TIC				uipoNon acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Unha sesión semanal de uso por parte de cada grupo					
Valor de partida: (3)	0 sesións semanais					
Valor previsto e data: (4)	1 sesión semanal por nivel			28 ourubro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Reacondicionamento de equipos.	Coordinador TIC e encargado de mantemento.	23 decembro 2022	Dotación económica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Solicitud a AMTEGA de material informático	Dirección	23 decembro 2022	Solicitud e visto e prace da inspección		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Elaborar un horario de aula para cada nivel	Xefatura de Estudos	23 decembro 2022	Horas de Xefatura de Estudos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: PERSOAL DOCENTE E OFERTA

OBXECTIVO 4: (1)	Dinamizar o uso das PDI			Acadado	
Responsable:	Grupo de traballo TIC			acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Frecuencia coa que se usan as PDI				
Valor de partida: (3)	Uso unha vez á semana				
Valor previsto e data: (4)	Uso diario ao final de curso 2022/2022				
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A01.1: Buscar manuais e titoriais de cada modelo.	Grupo de traballo TIC	3 de abril de 2023	Equipos informáticos e PDI. Conexión á rede e manuais.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.2: Compartir no Claustro o material recollido e crear un foro na Aula Virtual	Grupo de traballo TIC	3 de abril de 2023	Equipos informáticos e PDI. Conexión á rede e manuais.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.3: Configurar un horario de uso das PDI por nivel	Xefatura de estudos	21 xuño 2023	Equipos informáticos e PDI. Conexión á rede e manuais.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos serán os seguintes:

- *No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*
- *No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

5. Difusión do plan

Nas reunións de nivel, tanto neste final de curso coma no comezo do seguinte, as familias son informadas deste proceso que seguimos para a mellora da dixitalización e das competencias dixitais, buscando a implicación da comunidade, o uso da aula virtual, a interacción entre alumnado e profesorado e a detección de necesidades nos fogares para a conectividade. Así mesmo, intentarase dinamizar o máximo posible a páxina web e aula virtual para que resulten máis accesibles e atractivas para o seu uso e para difundir tódalas actividades e accións realizadas.